



COÑECE BOQUEIXÓN

Turismo e Gastronomía



O Concello de Boqueixón, situado nas fértils beiras do río Ulla, conta con paraxes de gran beleza natural e unha excelente gastronomía.

Invitámoste a descubrir cada un dos seus recunchos, as súas misteriosas lendas e as súas singulares festas.

DESCÚBRENOS!

A Coruña





Pontevedra
Vigo

-

COMO CHEGAR

Tomando como referencia Compostela, resulta moi sinxelo chegar e percorrer as parroquias de Boqueixón. A N-525 Santiago- Ourense chega ó noso municipio a escasos oito quilómetros da cidade, entrando a Boqueixón pola Susana, pasando despois polas parroquias de Sergude e Lestedo. Na Susana tamén se pode enlazar coa AC-960, que chega ata o río Ulla en Ledesma percorrendo a maioría de parroquias de Boqueixón. Tamén é factible achegarse dende Touro ou Ponte Ulla, tomando a AC- 940, ou dende Sar se collemos a AC-961. Outra maneira é facelo dende a estrada Lugo- Santiago, nas proximidades do Aeroporto de Lavacolla, collendo unha estrada local que pasa polas parroquias máis norteñas de Boqueixón.



QUE VER

Cada unha das catorce parroquias conta con fermosos lugares que te invitamos a coñecer.

Loureda: Mirador do Monte Castelo e Igrexa parroquial

Gastrar: Área recreativa, Centro de Interpretación dos Muíños e Castro

Vigo: Fervenza

Lamas: Cruceiro e Igrexa parroquial

Boqueixón: Igrexa parroquial

Codeso: Área natural da Capela de San Paio, con muíños e fervenza

Donas: Mirador sobre a Ponte do Gundián, fervenza e burga (augas medicinais)

Sucira: Área recreativa do río Ulla

Ledesma: Área recreativa das Ínsuas de Gres e Ponte vella dos nove arcos

Oural: Igrexa parroquial e Capela de Castro

Pousada: Capela de Nosa Señora da Fonte

A Granxa: Igrexa de San Lourenzo e Pico Sacro

Lestedo: Pico Sacro e Centro de Interpretación, Fervenza de Ramil, Igrexa de Santa María de Lestedo e zona comercial

Sergude: Capela de San Bieito de Rodiño



PICO SACRO

Érguese ao carón de Compostela unha das montañas máis míticas e coñecidas de Galicia, o Pico Sacro, fonte de innumerables lendas e contos populares. A lenda da Raíña Lupa, recollida no Códice Calixtino, narra a traslación do corpo do Apóstolo Santiago e os míticos acontecementos que no cume deste monte sagrado tiveron lugar.

A súa altura de case 600 metros, as súas covas de cuarzo cristalizado e unha gran brecha no cumio coñecida como “Rúa da Raíña Lupa”, fan que unha excursión á súa cima sexa toda unha experiencia.

O Pico Sacro esconde tamén os restos dunha fortaleza medieval e os tesouros arquitectónicos da Capela de San Sebastián que teñen as súas orixes nun antigo mosteiro do ano 912.



ONDE DURMIR

- **Casa de turismo rural
“Casa de Casal”**
Cachosenande, 17
Tel.: 981 503 227
www.casadecasal.com
- **Casa de Aloxamento “Casa
Agra Devesa”**
Lamas - Sergude
Tel.: 696 845 681
- **Albergue Reina Lupa**
Deseiro - Sergude
Tel.: 981 511 803 / 679 842 829
www.alberguereinalupa.com

FESTAS CON MÁIS TRADICIÓN

- **FESTA DA FILLOA DE LESTEDO**
(Declarada de Interese Turístico de Galicia)
- **SAN BIEITO DE RODIÑO**
- **SAN CIDRE DE OURAL**
- **XENERAIS DO ULLA DE
SERGUDE E LESTEDO**
(Declarada de Interese Turístico de Galicia)

ONDE COMER E BEBER

O Concello de Boqueixón, situado nas fértiles beiras do Ulla, conta cuns excelentes viños e augardentes, ademais da afamada tarta de Lestedo e do premiado Bo- Queixo de Orto. Destaca tamén a elaboración doutros manxares típicos galegos como empanadas, polbo, churrasco, orella,...que se poden desfrutar nos establecementos hostaleiros:

- ▶ **Café Bar O'26** (Lestedo) 627 532 212
- ▶ **Bar O Rincón de Pepe** (Lestedo) 669 211 097
- ▶ **Restaurante A Picotíña** (Lestedo)
especialidades en orella e polbo
981 502 390
- ▶ **Restaurante Fachal** (Lestedo)
especialidade en churrasco
981 503 083 / 690 182 833
- ▶ **Polbería Fontes** (Lestedo) 981 503 234
- ▶ **Cervexería Vikingo** (Lestedo) 639 832 597
- ▶ **Restaurante Vía da Prata** (Lestedo)
981 502 102 / 630 941 372
- ▶ **Café Bar Latino** (Boqueixón) 981 513 004
- ▶ **A Taberna d' San Benito** (Sergude)
660 097 554
- ▶ **Casa de comidas Casa Castro** (Sergude)
981 511 823
- ▶ **Parrillada O Breixo** (Sergude) 981 814 703
- ▶ **Taberna O Portugués** (Sergude) 981 513 134
- ▶ **Café Bar Restaurante Rosende** (Sergude)
981 511 803
- ▶ **Café Bar A Barreira** (Sergude)
especialidade en churrasco 679 678 216
- ▶ **Café Bar Záramo** (Sergude) 609 128 406
- ▶ **Café Bar Vente Vindo** (Sergude) 981 511 947
- ▶ **Restaurante Don Sancho** (Ledesma)
especialidade en bacallau 981 514 241
- ▶ **Restaurante Nervioso** (Camporrapado)
981 514 071
- ▶ **Cervexería Abadía** (Camporrapado)
981 514 067
- ▶ **Parrillada A Cruz** (Vigo)
981 513 100 / 696 290 701
- ▶ **Parrillada Casa Brea** (Lamas) 676 062 078
- ▶ **Café Bar Castro** (Lamas) 981 513 064
- ▶ **Café Bar Couto** (Lamas)
981 513 094 / 676 917 180
- ▶ **Café Bar Quintela** (Loureda) 981 513 049
- ▶ **Café Bar García** (Codeso) 981 512 406
- ▶ **Restaurante "O Balado"** (Codeso)
639 893 749 / 657 290 362
- ▶ **Bar Imprevisto** (O Forte) 981 513030



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

+ info: **www.boqueixon.com**

 **981 513 061**